



BOP

MARTES, 9 DE DICIEMBRE DE 2025

N.º 281

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de 24/11/2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de outubro do 2025 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 02/02/2026. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 25 de novembro de 2025.- O alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3405

BÓVEDA*Anuncio***EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA**

Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, rede de sumidoiros, recollida de lixo e canon da auga do 3º trimestre do exercicio 2023.

Por Resolución da Alcaldía, núm.: 2025-0657, de data 01/12/2025, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do Servizo de Abastecemento de Auga, Rede de Sumidoiros, Recollida de Lixo e Canon da Auga, correspondente ao 3º trimestre do exercicio 2023, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación contra o mesmo.

O prazo de cobro en período voluntario será de un mes: Dende o 2 de decembro de 2025 ao 1 de xaneiro de 2026.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas ao mesmo e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, de acordo con canto establece o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co Concello serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Bóveda, 1 de decembro de 2025.- O alcalde – presidente, José Manuel Arias López.

R. 3406

CERVO*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 4 de decembro de 2025, o Orzamento Xeral do Concello de Cervo para o exercicio 2026, xunto coas súas bases de execución e demais documentación anexa, e en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público na Intervención Municipal polo prazo de quince (15) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante dito prazo os interesados poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen pertinentes, dirixidas á Alcaldesa-Presidenta desta Corporación.

De non presentarse reclamacións no prazo indicado, o Orzamento considerarase definitivamente aprobado sen necesidade dun novo acordo, de conformidade co disposto no citado artigo 169.1 do TRLRHL.

O que se fai público para os efectos oportunos.

Cervo, 4 de decembro de 2025.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 3445

GUITIRIZ*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2026 DO CONCELLO DE GUITIRIZ. EXP. 1204/2025.**

Na sesión do Pleno da Corporación celebrada o 4 de decembro de 2025 aprobouse inicialmente o Orzamento xeral para o exercicio económico de 2026, así como o cadro de persoal para o dito exercicio. Ao abeiro do disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles que empezarán a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas.

O orzamento e a documentación anexa considéranse definitivamente aprobados se durante o citada prazo non se tiveran presentadas reclamacións. En caso contrario, O Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Guitiriz, 4 de decembro de 2025.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3446

LUGO*Anuncio*

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 29 de setembro de 2025, aprobou inicialmente os expedientes de modificación da ordenanza fiscal xeral, da ordenanza fiscal número 200 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, da ordenanza fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmoables, e a ordenanza número 406 reguladora do prezo público prestación do servizo municipal comedor escolar nos centros de educación infantil e primaria.

Posto que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición pública, de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os ditos acordos elévanse automaticamente a definitivos, publicándose a continuación os textos íntegros das modificacións aprobadas das devanditas ordenanzas:

ORDENANZA FISCAL XERAL**1) Modifícase o artigo 33.4 da ordenanza fiscal xeral, quedando redactado o artigo 33.4 como segue:**

4.- No suposto de concorrencia de varios obrigados tributarios nun mesmo presuposto, cando o Concello só coñeza a identidade dun titular practicaré e notificaré as liquidacións tributarias a nome do mesmo, quen virá obrigado a satisfacelas se non solicita a súa división. A tal efecto, para que proceda a división será indispensable que o interesado o solicite facilitando os datos persoais e o domicilio dos demais obrigados ao pago, así como os documentos públicos que acrediten a proporción en que cada un deles participe no dominio ou dereito transmitido.

En ningún caso procederá a división da cota do tributo nos supostos de réxime económico matrimonial de sociedade legal de ganancias.

Unha vez aceptada pola Administración a solicitude de división, incorporárase ao padrón inmediatamente posterior a aquel no que se solicite a división e se manterá nos sucesivos mentras non se solicite a modificación.

2) Modifícanse os artigos 41 a 46 da ordenanza fiscal xeral quedando redactados os artigos 41 a 46 como seguen:**ARTIGO 41º. APAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS. NORMAS XERAIS**

1. O pagamento das débedas tributarias e demais de dereito público poderá

aprazarse ou fraccionarse só nos casos e na forma que se determina na presente ordenanza.

2. Os apazamentos e fraccionamentos concederáos a Administración municipal tras a petición dos obrigados ó pagamento, de conformidade coas regras dos artigos seguintes.

3. As débedas aprazadas ou fraccionadas deberán garantirse de acordo co disposto na lexislación vixente e no disposto no artigo 43º da presente ordenanza.

4. As cantidades aprazadas ou fraccionadas que estiveran garantidas cos medios citados no punto anterior, devengarán xuro de demora na contía do xuro legal.

5. A presentación dunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento en período voluntario impedirá o inicio do período executivo, pero non o devengo do xuro de demora.

ARTIGO 42º. DÉBEDAS TRIBUTARIAS APRAZABLES OU FRACCIONABLES

1. Poderá aprazarse ou fraccionarse o pagamento da débeda, tanto en período voluntario como executivo, tras a petición dos obrigados cando a súa situación económica-financeira lles impida, transitoriamente, efectuar o pagamento dos seus débitos.

2. A Tesourería disporá o necesario para que as solicitudes se formulen en documento específico, no que se indiquen os criterios de concesión e denegación de aprazamentos e fraccionamentos, así como a necesidade de fundamentar as dificultades económico-financeiras, aportando os documentos oportunos.

3. O acordo de concesión especificará a clase de garantía que o solicitante deberá aportar ou, no seu caso, a dispensa desta obriga.

4. Os criterios xerais de concesión de aprazamentos ou fraccionamentos son:

a) As débedas entre 301,00 euros e 600,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de tres meses ou mensualidades.

b) As débedas entre 601,00 euros e 900,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de seis meses ou mensualidades.

c) As débedas entre 901,00 euros e 1.500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de nove meses ou mensualidades.

d) As débedas entre 1.501,00 euros e 3.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de doce meses ou mensualidades.

e) As débedas entre 3.001,00 euros e 4.500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de quince meses ou mensualidades.

f) As débedas de importe superior a 4.501,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de dezoito meses ou mensualidades.

Non obstante, a Administración poderá estimar outro número de prazos cando a situación económica do interesado e a contía da débeda, apreciada pola Administración, o requira.

Nos casos de solicitude de aprazamentos ou fraccionamentos derivados de débedas derivadas de autorizacións de uso ou ocupación do dominio público, o prazo dos aprazamentos ou fraccionamentos non poderá exceder do prazo da autorización ou título habilitante.

5. Como regra xeral, na concesión de aprazamentos ou fraccionamentos, se esixirá a domiciliación do pago das sucesivas fraccións.

6. Documentación que se ten que achegar:

a) Persoas físicas:

- Relación de ingresos periódicos percibidos nos últimos tres meses: nómina, pensión ou outros.
- Certificación de saldo de conta corrente e movementos dos últimos tres meses de todas as contas bancarias da súa titularidade.
- Indicación no impreso de solicitude do número de membros da unidade familiar.
- Certificado de conta bancaria para domiciliar o pago das débedas aprazadas ou fraccionadas.

b) Persoas xurídicas:

- Declaración responsable da situación económico-financeira que xustifica a solicitude.
- Certificado de conta bancaria para domiciliar o pago dos das débedas fraccionadas

7. Salvo circunstancias excepcionais apreciadas polo órgano de recadación, denegarase as seguintes solicitudes:

a) As de reconsideración de aprazamentos ou fraccionamentos resoltos segundo os presentes criterios e que non estean debidamente fundadas, tendo como única finalidade demorar o cumprimento da obriga tributaria.

b) As presentadas por contribuíntes que incumpran aprazamentos ou fraccionamentos concedidos ou non formalizaran as garantías nos últimos dous anos.

c) As que correspondan a débedas illadas presentadas por contribuíntes que manteñen outras débedas co Concello de Lugo sen regularizar.

8. O ingreso dos prazos deberá efectuarse nas datas establecidas nos acordos de concesión de aprazamento ou fraccionamento, que serán sempre o día 5 ou 20 do mes a que se refiran. Con carácter preferente considerárase o día 20 de cada mes.

9. Na petición de aprazamento ou fraccionamento farase constar, ademais dos datos identificativos do suxeito pasivo e da débeda, as causas que motivan a solicitude, os prazos e restantes condicións que se solicitan, e a garantía que se ofrece de entre as que constan no artigo seguinte desta ordenanza, así como o número de conta bancaria para a domiciliación das fraccións. Á solicitude achegaráselle a documentación que determine a norma regulamentaria de aplicación.

ARTIGO 43º. GARANTÍAS PARA APRAZAMENTO OU FRACCIONAMENTO

1. Como regra xeral, o solicitante deberá ofrecer garantía en forma de aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución. En todo caso achegarase coa solicitude o correspondente compromiso expreso e irrevogable da entidade de formalizar o aval necesario no caso de que o aprazamento fose concedido. O aval deberá achegarse no prazo dos dous meses seguintes ó da notificación do acordo de concesión.

2. Cando se xustifique que non é posible obter o aval, ou certificado, ou que con isto se compromete seriamente a viabilidade da actividade económica, o órgano competente poderá admitir algunha das seguintes garantías:

- a) Hipoteca inmobiliaria.
- b) Hipoteca mobiliaria.
- c) Prenda con ou sen desprazamento.
- d) Fianza persoal e solidaria.
- e) Calquera outro que estime pertinente.

Deberá acompañar á solicitude declaración responsable e informe xustificativo da imposibilidade de obter o aval, no que consten as xestións efectuadas ó respecto debidamente documentadas.

Cando a aportación de garantías consista nunha hipoteca unilateral deberá aportarse a seguinte documentación:

- 1º) Escritura pública da finca sobre a que se constituirá a hipoteca.
- 2º) Certificación rexistral de dominio e cargas que existan sobre a mesma, expedida nun prazo non superior a dez días.
- 3º) Valoración da finca realizada por un técnico competente.

3. Non se esixirá garantía cando a contía da débeda a aprazar ou fraccionar non exceda de 10.000 euros.

4. A garantía cubrirá o importe da débeda en período voluntario, dos xuros de demora que xere o aprazamento e un 25% da suma de ambas partidas.

Cando a débeda se atope en período executivo, a garantía deberá cubrir o importe aprazado ou fraccionado, incluíndo o recargo do período executivo correspondente, os xuros de demora que xere o aprazamento ou o fraccionamento, máis un 5% da suma de ambas partidas.

En caso de solicitude de fraccionamento, poderá constituírse unha única garantía para a totalidade das fraccións que poidan acordarse ou ben garantías parciais e independentes para unha ou varias fraccións.

En todo caso, a garantía deberá cubrir o importe das fraccións a que se refira, incluíndo o importe que por principal e xuros de demora se incorpore ás fraccións máis o 25 por cento da suma de ambas as partidas.

5. A garantía constituída mediante aval deberá ser por termo que exceda, cando menos, en seis meses ó vencemento do prazo ou prazos garantidos.

6. Poderase dispensar total ou parcialmente das garantías esixibles, nos termos que estableza a norma regulamentaria de aplicación, cando a persoa debedora careza de medios suficientes para garantir a débeda e a execución do seu patrimonio puidese afectar ó mantemento da capacidade productiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva, ou ben puidese producir graves quebrantos para os intereses da Facenda municipal. Se se solicita dispensa total ou parcial de garantía, deberá acompañar coa solicitude declaración responsable na que se manifeste carecer de bens ou non posuír outros que os ofrecidos en garantía.

ARTIGO 44º. TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Tesourería do Concello tramitará as solicitudes de aprazamento ou fraccionamento examinando e avaliando a falta de liquidez e a capacidade para xerar recursos conforme ó disposto nas normas regulamentarias de aplicación, formulando a correspondente proposta de resolución ó órgano competente para a súa aprobación.

2. A resolución notificarase conforme a normativa regulamentaria de aplicación xunto co cálculo de xuros e procedemento en caso de falta de pagamento.

3. A resolución deberá adoptarse no prazo de seis meses a contar dende o día en que a solicitude tivo entrada oficial no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido este prazo poderá entenderse desestimada a solicitude.

ARTIGO 45º. CÁLCULO DE XUROS EN APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS

1. As cantidades que se apracen ou fraccionen devengarán o xuro de demora regulado no artigo 33.2 a) desta Ordenanza e 17 da Lei xeral presupostaria, segundo se trate de débedas tributarias ou non tributarias, respectivamente, que será o xuro legal que corresponda ata a data do seu ingreso.

2. No caso de concesión de aprazamento, os xuros de demora calcularanse sobre a débeda aprazada polo tempo comprendido entre o vencemento do período voluntario e o vencemento do prazo concedido. Se o aprazamento foi solicitado en período executivo a base para o cálculo de intereses non incluírá o recargo do período executivo que corresponda. Os xuros devengados deberán ingresarse xunto coa débeda aprazada.

3. No caso de fraccionamentos, calcularanse xuros de demora por cada fracción de débeda, computándose o tempo dende o vencemento do período voluntario ata o vencemento do prazo de ingreso concedido para cada fracción. Os xuros devengados por cada fracción deberán pagarse xunto coa fracción no prazo de ingreso desta. Se o fraccionamento foi solicitado en período executivo a base para o cálculo non incluírá o recargo do período executivo que corresponda.

4. En caso de denegación de aprazamento ou fraccionamento de débedas:

a) Se foi solicitado en período voluntario, liquidaranse xuros de demora polo período transcorrido dente o vencemento do período voluntario ata a data da resolución denegatoria.

b) Se fose solicitado en período executivo liquidaranse xuros unha vez efectuado o pagamento de acordo co establecido na normativa regulamentaria de aplicación.

ARTIGO 46º. PRAZOS DE INGRESO, FORMA DE PAGAMENTO E EFECTOS DA FALTA DE PAGAMENTO

1. O ingreso dos prazos deberá efectuarse nas datas establecidas nos acordos de concesión de aprazamento ou fraccionamento, que serán sempre o día 5 ou 20 do mes a que se refiran.

2. Como regra xeral esixírase a domiciliación das sucesivas fraccións en entidades bancarias e caixas de aforro.

3. Nos aprazamentos e fraccionamentos, se chegado o vencemento do prazo concedido ou fraccionado non se efectuase o pagamento procederase a exaccionar a débeda pola vía de constrinximento ou ben a executar a garantía de conformidade co disposto no artigo 168 da Lei 58/2003 xeral tributaria e normativa regulamentaria de aplicación”.

3) Modifícanse os apartados 2 e 3 do artigo 63 da ordenanza fiscal xeral, quedando redactados os apartados 2 e 3 do artigo 63 como segue:

2. Os padróns, matrículas ou rexistros someteranse cada ano á aprobación do órgano competente e expoñeranse ao público nas oficinas municipais mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia e na prensa local, producindo os efectos de notificación a cada un dos suxeitos pasivos.

O prazo de exposición ao público dos padróns será de 20 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio do Boletín Oficial da Provincia.

3. Os obrigados tributarios poderán formular contra as liquidacións contidas no Padrón anual reclamación económico-administrativa ou recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns

4) Modifícase o apartado 3 do artigo 89 da ordenanza fiscal xeral, quedando redactado o apartado 3 do artigo 89 como segue:

3. O prazo para interpoñer o recurso postestativo de reposición será dun mes contado a partir do día seguinte á notificación do acto recurrible ou do seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tratándose de débedas incluídas en padróns periódicos e de notificación colectiva o prazo será dun mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns.

ORDENANZA FISCAL NÚM. 200 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

1) Modifícase o apartado 2 do artigo 4, quedando redactado o apartado 2 do artigo 4 como segue:

2.- Establécese unha bonificación do 100 por cento da cota do imposto para os vehículos calificados como históricos con arreglo ao disposto no Real Decreto 892/2024, do 10 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos

2) Modifícase o apartado 4 do artigo 5, quedando redactado o apartado 4 do artigo 5 como segue:

b) No suposto do apartado 1.7, os suxeitos pasivos deberán instar a concesión da exención, debendo achegar o permiso de circulación do vehículo e a inscrición do mesmo no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (R.O.M.A.) no municipio de Lugo.

A exención iniciará os seus efectos no mesmo exercicio no que se formule a solicitude e manterase namentres non se modifiquen as circunstancias que motivaron a súa concesión, sempre que a solicitude sexa realizada con anterioridade a que a liquidación ou o recibo de vencemento periódico quedase consentido e firme e concorran na data de devindicación os requisitos necesarios para poder disfrutar da exención.

Nos supostos de autoliquidación deberase formularse a solicitude do beneficio fiscal ao presentar a autoliquidación correspondente e aplicándolle, con carácter provisional, a exención.

ORDENANZA FISCAL NÚM. 203 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**3) Modifícase o apartado 2 do artigo 3, quedando redactado o apartado 2 do artigo 3 como segue:****2. División de cotas por cotitularidade.**

Os recibos e liquidacións tributarias emitiranse a nome de quen apareza como primeiro titular do dereito constitutivo do feito imponible no Padrón remitido pola Dirección Xeral do Catastro. Sen embargo, cando un inmovble pertenza a dous ou máis titulares, calquera deles poderá pedir a división da cota tributaria sempre que previamente se incorporase a relación de cotitulares á Dirección Xeral do Catastro. A división terá lugar no padrón inmediatamente posterior a aquel no que se solicite a división e se manterá nos sucesivos mentras non se solicite a modificación.

4) Modifícase o apartado 1 do artigo 4, quedando redactado o apartado 1 do artigo 4 como segue:

1) Ademais das exencións previstas no texto vixente do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, por razón de criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, establécese a exención dos inmoables rústicos cando a cota líquida agrupada correspondente a cada suxeito pasivo sexa inferior a 3,60 €. Igual exención establécese para os bens inmoables de natureza urbana nos que a súa cota líquida, antes da posible división da cota, sexa inferior a 3,90 €.

ORDENANZA NUM. 406 PREZO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE COMEDOR ESCOLAR NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.**1) Modifícase o artigo 2º da Ordenanza núm. 406, quedando redactado o artigo 2º como segue:****ARTIGO 2º. OBRIGADOS AO PAGO**

Tendo en conta que as e os usuarios do servizo gravado por estes prezos son menores de idade e que, polo tanto, non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei xeral tributaria, as súas nais, pais e titoras e titores, ou calquera outra ou outro representante legal.

A efectos da cuantía da tarifa distínguese entre usuarios fixos do servizo de comedor escolar e usuarios esporádicos

Os usuarios e as usuarias fixos/as de comedor escolar son aquel alumno/a que formalice a matrícula en prazo, e que dispoña de praza, indicando os días da semana (serán sempre os mesmos días) que acudirá previamente, podendo ser: 1 día/sem, 2 día/sem, 3 día/sem, 4 día/sem, ou 5 día/sem.

Os usuarios e as usuarias esporádicos/as do comedor escolar son aquel/a alumno/a que non está matriculado como usuario/a fixo/a que utilice o servizo en días soltos de forma non planificada. Así mesmo, tamén son usuarios/as esporádicos/as o persoal funcionario docente e non docente, así como o persoal laboral e alumnado en prácticas de Maxisterio ou grao equivalente do centro educativo, que soliciten o servizo sempre e cando haxa prazas dispoñibles

Se se fai inscrición como fixo/a e posteriormente se detecta un uso esporádico, acumulando notificacións de ausencias continuadas, cobrarase todas as asistencias do mes como usuario esporádico.

Os usuarios e as usuarias de calendario de días (quendas no emprego das familias) deberán realizar a inscrición como fixo/a e comunicar antes do prazo establecido os días de asistencia do mes que entra. Esa asistencia deberá seguir un patrón determinado, por exemplo semana si, semana non ou día si día non, ou asistencia cada 3 días. No caso de que os días de asistencia non sigan un patrón considerarase usuario esporádico.

2) Modifícase o artigo 3º da Ordenanza núm. 406, quedando redactado o artigo 3º como segue:**“ARTIGO 3º. COTAS**

Para os efectos de establecer as cotas que terán que achegar as familias das usuarias e os usuarios do servizo municipal do comedor escolar nos centros públicos de educación infantil e primaria diferénciase entre prestación fixa e prestación esporádica por usuaria ou usuario.

O prezo do menú diario no almorzo, que cobrará a empresa por neno ou nena as familia será de 1,80€ diarios.

O prezo do menú diario no xantar, que cobrará a empresa por neno ou nena as familia será de 3,60 € diario, cando a asistencia do usuario sexa continuada, e o pago sexa mensual (usuario/a fixo/a).

O prezo das e dos usuarios que utilizarán o servizo de xantar, días discontinuos será de 4,60 € (usuario/a esporádico/a).

Os ditos prezos non inclúen o IVE, que será de aplicación conforme a normativa vixente

3) Modifícase o artigo 4º da Ordenanza núm. 406, quedando o artigo 4º como segue:

ARTIGO 4º. PROCEDEMENTO DE PAGAMENTO

Os prezos regulados nesta ordenanza devindicaranse no momento en que se outorgue a prestación do servizo.

As familias formalizarán asistencia coa inscrición no servizo e as cotas quedarán domiciliadas.

En caso de baixa do servizo, avísarase antes do 20 do mes anterior a causar baixa. Se se avisa máis tarde dese día seguirá vixente a contratación establecida, ata o seguinte mes, aínda que non se faga uso do servizo.

En caso de non poder asistir algún día ao servizo, é obrigatorio solicitar a cancelación do servizo só por medio do sistema informático establecido e nunca telefonicamente, non máis tarde das 20:00 horas do día lectivo inmediato anterior. Se non se avisa en prazo, cobrarase o servizo dese día.

O recibo mensual varía todos os meses e será o resultado de multiplicar o prezo/día do servizo seleccionado polo nº de días contratado no mes. Descontarase os días de non utilización sempre que se avisara en prazo. Os avisos de non asistencia fóra dos prazos cobrarase como se de unha asistencia normal se tratara.

A falta de pagamento dunha mensuralidade causará a suspensión temporal do beneficiario do servizo de comedor escolar, en tanto non abone a débeda pendente. Unha segunda falta de pagamento causará a baixa definitiva no servizo”

DISPOSICIÓN FINAL COMÚN

As modificacións da ordenanza fiscal xeral, da ordenanza fiscal número 200 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, da ordenanza fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmoables entrarán en vigor e comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2026 e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

As modificacións da ordenanza número 406 reguladora do prezo público prestación do servizo municipal comedor escolar nos centros públicos de educación infantil e primaria entrarán en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezarán a aplicarse ese mesmo día, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

De conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os devanditos acordos son firmes na vía administrativa, e poderá interpoñerse no prazo de dous meses, a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo (ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza), se é o caso, ou calquera outro que se estime procedente, de acordo co establecido no artigo 19.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Lugo, 1 de decembro de 2025.- A secretaria xeral do Pleno, Ana María Rivas García. A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana González Abelleira.

R. 3407

Anuncio

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NO TITULAR DA ÁREA DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE (2025/G004/000712).

Con data do 26 de novembro de 2025, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo número 1/473 que, a seguir, se transcribe:

1/473 DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NO TITULAR DA ÁREA DE URBANISMO, DEPORTES E XUVENTUDE (2025/G004/000712).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Alcaldía, do 21 de novembro de 2025, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Visto o Decreto número 10280/2025, do 4 de novembro de 2025 (que entrou en vigor o día 10 de novembro de 2025), no que se nomearon tenentas e tenentes de alcalde, se crearon as áreas de goberno e o seu ámbito material, se nomearon as persoas titulares destas e das concellerías delegadas dentro das ditas áreas de xeito que quedan integrados na ÁREA DE URBANISMO, DEPORTES E XUVENTUDE os postos de traballo e as unidades que forman parte dos servizos de Urbanismo, Licenzas, Arquitectura e da oficina de Arqueoloxía, faise preciso determinar o réxime de competencias que asumirá este órgano para garantir o funcionamento dos servizos municipais que lle corresponden.”

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Delegar no titular da Área de Urbanismo, Deportes e Xuventude o outorgamento e denegación de licenzas urbanísticas que se refiran á execución de obras e instalacións para as que a lexislación require a presentación de proxecto técnico ou sexan cualificadas de obra maior e cuxo presuposto de execución material segundo proxecto sexa inferior a 300.000 euros, así como a aprobación das liquidacións tributarias que procedan por este concepto.

Así mesmo, delégase o exercicio das atribucións que lle correspondan á Xunta de Goberno Local, sempre e cando non sexan indelegables, en relación cos servizos, actividades e materias seguintes:

- ordenación e xestión urbanística e execución do planeamento urbanístico,
- intervención na regulación do mercado do solo e xestión do patrimonio municipal do solo,
- intervención no exercicio das facultades dominicais relativas ao uso do solo e edificación,
- actuacións de disciplina urbanística,
- promoción e xestión de vivenda,
- conservación e protección do patrimonio histórico-artístico,
- fomento da conservación e rehabilitación das edificacións,
- actuacións de arqueoloxía para preservación do patrimonio,
- vixilancia e control de establecementos industriais, comerciais, de servizos, de espectáculos e actividades recreativas, establecementos públicos e outras instalacións sometidas a autorización municipal.

SEGUNDO.- As delegacións acordadas no apartado anterior suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

a) Os actos ditados, se é o caso, polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante. Corresponderalle ao órgano delegante a resolución dos recursos que poidan interpoñerse.

b) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que, se é o caso, se ditén, de conformidade co que dispón o artigo 9 da Lei 40/2015. Así, nas resolucións que se adopten no exercicio das delegacións conferidas pola Xunta de Goberno Local, farase constar expresamente esta circunstancia e a data deste acordo.

c) O órgano delegante, sen prexuízo das facultades que lle corresponden á Alcaldía, conservará as facultades de recibir información da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións emanados en virtude da delegación e a de ser informados previamente á adopción de decisións de transcendencia, de acordo co disposto no artigo 115 ROF.

d) A Xunta de Goberno Local poderá revogar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas, de conformidade co establecido no artigo 9.6 da Lei 40/2015 e 116 ROF.

e) A Xunta de Goberno Local poderá resolver, sen necesidade de avocación formal, en calquera momento daquelas competencias delegadas que pola súa importancia, transcendencia social ou outras consideracións o xustifiquen sen que iso supoña alteración das delegacións de competencias e atribucións efectuadas de acordo co que dispón o artigo 10 Lei 40/2019 e 116 ROF.

f) En ningún caso poderán delegarse as atribucións que se posúan á súa vez por delegación.

g) As resolucións ditadas en virtude de delegación de atribucións poñerán fin á vía administrativa nos mesmos casos e termos que correspondería á actuación do órgano delegante.

h) Nos supostos de ausencia de calquera clase do titular da Área de Urbanismo, Deportes e Xuventude, as competencias a este atribuídas serán exercidas polo titular da Área de Dinamización Económica e Relación Institucionais.

i) As delegacións contempladas neste acordo non quedarán revogadas por cambio do titular da área, salvo que expresamente así se determine.

TERCEIRO.- Derrogar o disposto nos acordos adoptados anteriormente pola Xunta de Goberno Local en todo aquilo que se opoña ou contradiga ao disposto neste acordo.

CUARTO.- Deste acordo daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno, procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos, Portal de Transparencia, á súa notificación a todas as persoas interesadas e á súa comunicación ás dependencias municipais.

Lugo, 28 de novembro de 2025.- O vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez.

R. 3408

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA OUTUBRO 2025

Por Xunta de Goberno Local do día 24.11.2025 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de OUTUBRO de 2025.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 16.12.2025 ata o 16.02.2026.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 26 de novembro de 2025.- O alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3409

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA OUTUBRO 2025 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 24.11.2025 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de OUTUBRO 2025.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, e no seu caso, con disposto no artigo 13 da Ordenanza xeral dos ingresos municipais de dereito público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 23.12.2025 ata 23.02.2026.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 26 de novembro de 2025.- O alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3410

RIBADEO

Anuncio

Aprobación, exposición pública do Padrón da taxa sobre Caixeiros Automáticos e Máquinas Expendedoras de Produtos para o exercicio 2025 e apertura do período de cobramento.

Por Decreto desta Alcaldía de data 25 de novembro de 2025, foi aprobado o seguinte Padrón de contribuíntes:

Padrón da taxa sobre Caixeiros Automáticos e Máquinas Expendedoras de Produtos, para o exercicio 2025, polo importe de once mil seiscientos corenta e sete euros (11.647,00 €).

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 1 de decembro de 2025 e o 1 de febreiro de 2026, ambos os dous inclusive.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral de recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación, de Edito de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribadeo, 1 de decembro de 2025.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 3411

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE OUTUBRO DE 2025.

Aprobado por Resolución de Alcaldía 2025-1019 o día 28 novembro de 2025, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de outubro de 2025 polo importe total de 6.528,57€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 1 de decembro de 2025.- O alcalde-presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 3412

VILALBA

Anuncio

Aprobación da modificación da base 24 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2025. Relación nominal de subvencións. Expte. 5038/2025

Elévase a definitivo, por non presentarse reclamacións durante o período de exposición pública, o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno, na súa **sesión ordinaria** celebrada o día 31/10/2025 da **“Aprobación inicial da modificación da base 24 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2025. Relación nominal de subvencións”**, publicado no BOP nº 255 do 6/11/2025, insertándose de seguido o texto íntegro da cita modificación, no cumprimento do estipulado no artigo 169 do R. D. Lexislativo 2/2004, do+ 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Onde di:

BENEFICIARIOS	CIF	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTES 2025
ASOCIACIÓN CULTURAL FESTAS SAN ROMÁN	G 09969569	338.48971	1.200 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE GOIRIZ	G 27171743	338.48971	1.200 €
ASOCIACIÓN FESTAS SOEXO	G70992730	338.48971	1.200 €

Pasará a dicir:

BENEFICIARIOS	CIF	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTES 2025
ASOC. CATRO ROLDAS DE ROMÁN	G 19420702	338.48971	1.200 €
ASOC. COMISIÓN DE FESTAS DE GOIRIZ	G 27487750	338.48971	1.200 €
ASOC. CULTURAL VECIÑOS NOSA SEÑORA ANGUSTIAS SOEXO	G27418375	338.48971	1.200 €

Vilalba, 1 de decembro de 2025.- A alcaldesa, Marta M.^a Rouco Seoane.

R. 3413

Anuncio

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos 46/2025, subexpediente 2/2025 de suplemento de créditos. Expediente 5037/2025

Elévase a definitivo, por non presentarse reclamacións durante o período de exposición pública, o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno, na súa **sesión ordinaria** celebrada o día 31/10/2025 da **“Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 46/2025, subexpediente 2/2025 de suplemento de créditos”**, publicado no BOP nº 255 do 6/11/2025, no cumprimento do estipulado no artigo 169.3 e 179.4 do R. D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Faise público o resumo por capítulos do orzamento do exercicio 2025 que queda, tras a contabilización do referido expediente, como segue:

ESTADO DE GASTOS:

CAPÍTULOS	CRÉDITOS DEFINITIVOS(€)
I.- GASTOS DE PERSONAL	3.851.672,88
II.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	10.154.271,30
III.- GASTOS FINANCIEROS	0,00
IV.- TRANSFERENZAS CORRENTES	555.804,00
VI.- INVERSIONS REAIS	3.757.931,97
VII.- TRANSFERENZAS DE CAPITAL	634.799,43
VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS	3.000
IX.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL	18.957.479,58

ESTADO DE INGRESOS:

CAPÍTULOS	PREVISIÓNS DEFINITIVAS(€)
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	4.059.031,09
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	110.000
III.- TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	1.604.027,96
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	8.799.711,65
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	7.200
VI.- ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS	0,00
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.679.904,22
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	2.697.604,65
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL	18.957.479,58

Contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto no artigo 171 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, no prazo de dous meses, contados a partir da data da aprobación definitiva.

Vilalba, 1 de decembro de 2025.- A alcaldesa, Marta M.^a Rouco Seoane.

R. 3414

MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHÁ

Anuncios

Aprobación da proposta do Tribunal dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidad Terra Chá incluídas na Oferta de emprego público de 2022, en relación a praza de Oficial 1^a conductor.

EXPTE. NÚM. 65/2022

RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA

Vista a Resolución de Presidencia 2022-0028 de data 12 de maio de 2022 aprobando a Oferta de emprego público extraordinaria de estabilización de emprego da Mancomunidad de Municipios Da Terra Chá de conformidade co disposto na Lei 20/2021.

Vista a Resolución de Presidencia 2022-0088 de data 26 de decembro de 2022 onde se aprobaron as bases xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade Terra Chá incluídas na Oferta de emprego público de 2022, publicadas no BOP da provincia de Lugo, núm.299 de 31 de decembro de 2022.

Vista a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado o día 15 de outubro de 2024.

Vista a Resolución de Presidencia 2024-0062 de data 17 de outubro de 2024 pola que se aprobou unha corrección de erros das anteditas bases.

Visto que en data 21/10/2024 publicouse a corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 243.

Visto que se publicou a corrección de erros no Boletín Oficial do Estado o día 24 de outubro de 2024 e se realizou a publicación no Diario Oficial de Galicia o día 28 de outubro de 2024, núm. 208.

Vista a Resolución de Presidencia 2024-0074 de data 23 de novembro de 2024 pola que se aproba a listaxe definitiva de aspirantes e excluídos no proceso, así como o nomeamento do Tribunal.

Vista a publicación do anuncio do listaxe de admitidos e excluídos e o nomeamento do Tribunal no BOP da provincia de Lugo, núm. 274 o día 27 de novembro de 2024.

Vista a proposta de 28 de novembro do Tribunal Calificador da data, lugar e hora de realización da primeira proba que houbese de realizarse na fase de oposición.

Vista a Resolución de Presidencia 2024-0078 de data 29 de novembro de 2024.

Vista a Resolución de Presidencia 2025-0009 de data 30 de xaneiro de 2025.

Vista a Resolución de Presidencia 2025-0066 de data 03 de novembro de 2025, do tenor literal seguinte:

“RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Asunto:Requirimento o Tribunal de selección dos procesos selectivos correspondentes as prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá incluídas na oferta de emprego público de 2022.

EXPTE.65/2022

Visto o expediente que se tramita nesta Mancomunidade de estabilización de emprego temporal segundo a oferta de emprego público de 2022.

Vista a Resolución de data 30 de xaneiro de 2025, 2025-0009 na que se sinala:

“Vista a Resolución de data 27 de decembro de 2024 na que se sinala:

“[...]

RESOLVO:

PRIMEIRO.- *Aprobar a proposta do Tribunal para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor, a favor de:*

NOME E APELIDOS	DNI
D. GABRIEL ANLLO GARCÍA	****801**

[...]

TERCEIRO.- *Notificar aos aspirantes propostos esta Resolución, e requerilos para que no prazo de vinte días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixese pública no BOP, na sede electrónica e na web da mancomunidade presenten a documentación sinalada na base novena das bases xerais ademais da fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa, certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto, fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado do número de conta bancaria, coa advertencia de que quen dentro do prazo indicado nas bases, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida nas bases da convocatoria ou do exame da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, non poderán ser nomeados funcionarios de carreira ou contratados como persoa laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.*

CUARTO.- *Ordear a publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sede electrónica e na páxina web da Mancomunidade.*

QUINTO.- *Dar conta da presente a Xunta Plenaria da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que éste celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

[...]"

Visto que a base 9.1 das bases xerais dos procesos sinala que no prazo de vinte días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixese pública a relación definitiva de aspirantes aprobados no BOP, na sede electrónica e na web da mancomunidade, os aspirantes propostos achegarán a documentación requirida.

Vista a publicación da relación definitiva de aspirantes no BOP, núm. 300 de 30 de decembro de 2024, na sede electrónica e na web da Mancomunidade.

[...]

Visto que o candidato proposto para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor, Don Gabriel Anllo García presentou dentro de prazo a documentación requirida na citada Resolución e nas bases, coa excepción do certificado médico, que non presentou por causa xustificada de forza maior ao encontrarse o mesmo na situación de incapacidade temporal.

Visto que a base 9.2 sinala que conforme ao disposto no artigo 23.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, quen dentro do prazo indicado nas presente bases, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida nas bases da convocatoria ou do exame da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, non poderán ser nomeados funcionarios de carreira ou contratados como persoa laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Visto que a Dirección Xeral de Función Pública, en consultas, entre outras de 21 de maio e 3 de xullo de 2018, tralo análise da normativa e xurisprudencia aplicable, dispón que se considera que a situación de incapacidade temporal debidamente acreditada que cumpra coas esixencias fixadas na xurisprudencia e non sexa causa de incapacitación funcional, constitúe causa xustificada de forza maior que permitiría que a toma de posesión prodúzase unha vez finalice dita causa.

Vista que está debidamente acreditado que Don Gabriel Anllo García encontráse en situación de incapacidade temporal, que non é causa de incapacitación funcional, o que permitirá a súa contratación como persoal laboral fixo unha vez finalice a causa que xustifica a súa incapacidade temporal e que supón causa xustificada de forza maior á que se refire o artigo 23.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisións de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

Visto que nestes casos é necesario prorrogar o prazo para a acreditación dos requisitos exixidos na convocatoria ata o cese da causa que motiva esa forza maior.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, artigo 136 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vigentes en materia de réxime local,

RESOLVO

[...]

TERCEIRO.- *Prorrogar o prazo para a presentación da documentación requirida para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor de Don Gabriel Anllo García, ata que cese a causa xustificada de forza maior que impide a presentación da referida documentación. A prórroga será de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte ó cese da causa xustificada de forza maior.*

[...]"

Visto que o candidato proposto para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor, Don Gabriel Anllo García presentou en data 03 de setembro de 2025, núm. 2025-E-RC- 61, a instancia co tenor literal seguinte:

"[...]

Expón:

Qué cumpridos todos os requisitos para proceder a miña xubilación

Solicita:

A baixa por xubilación como traballador da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá, con efectos de 1 de setembro de 2025."

Vista a Resolución de data 05 de setembro de 2025, 2025-0054, na que se sinala:

"[...]

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Declarar a xubilación de D. Gabriel Anllo García, con DNI 33848012Q, persoal laboral da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá, procedendo a súa baixa por xubilación con efectos do 1 de setembro de 2025, data de xubilación o 31 de agosto de 2025

SEGUNDO.- Dispor, polo tanto, o cesamento no traballo de D. Gabriel Anllo García, con DNI 33848012Q, persoal laboral da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá, con data 1 de setembro de 2025, cos dereitos pasivos que lle corresponden, último día de alta como traballador da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá o 31 de agosto de 2025.

[...]"

Visto que o artigo 49.1 do RDLexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no seu apartado f) sinala:

"Artigo 49. Extinción do contrato.

1. O contrato de traballo extinguirase:

[...]

f) Por xubilación do traballador.

[...]"

Vista a cláusula 9.2 das bases xerais que regulan as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade Terra Chá incluídas na oferta de emprego público de 2022, publicadas no BOP nº 299 de 31 de decembro de 2022 que sinala que conforme ao disposto no artigo 23.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, quen dentro do prazo indicado nas presente bases, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida nas bases da convocatoria ou do exame da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, non poderán ser nomeados funcionarios de carreira ou contratados como persoa laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Vista a cláusula 8.2 das referidas bases xerais que sinala que o Tribunal non poderá declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Non obstante o anterior, sempre que o Tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura das mesmas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou cando da documentación achegada polos aspirantes seleccionados se deduzca que non cumpren os requisitos esixidos, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do Tribunal relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos para o seu posible nomeamento, no caso de persoal funcionario de carreira, ou contratación, no caso de persoal laboral fixo.

Vista a acta do Tribunal de data 202 de decembro de 2024, na que se recolle a valoración de méritos do proceso selectivo en relación a praza de Oficial de 1º conductor, co seguinte tenor literal:

"[...]

VALORACIÓN DE MÉRITOS DOS PROCESOS SELECTIVOS CORRESPONDENTES ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022:

Sendo as 14:15 da comenzo a valoración dos méritos,

Visto o exposto na cláusula 6.2.1 das bases xerais que regulan, na cal consta

(..) "1.Méritos profesionais:

A.-Por cada mes completo de servizos prestados na entidade convocante na mesma praza/posto de traballo e categoría ao que aspira: 0,94 puntos/mes.

B.-Por cada mes completo de servizos prestados noutras Administracións Públicas Locais no mesmo praza/posto de traballo ao que aspira: 0,22 puntos/mes.

C.-Por cada mes completo de servizos prestados noutras Administracións Públicas na mesma praza/posto de traballo ao que aspira: 0,12 puntos/mes."(..)

A estos efectos o Tribunal por unanimidade dos seus membros decide que conforme a cláusula 6.2.1 das bases xerais que regulan o presente proceso selectivo se valoren únicamente os servizos prestados na mesma praza/posto de traballo e categoría ao que se aspira." (...)

PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD UNHA PRAZA DE OFICIAL DE PRIMEIRA CONDUCTOR COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN:

APELIDOS E NOME	DNI	MÉRITOS PROFESIONAIS (MÁX. 70 PUNTOS)	MÉRITOS ACADÉMICOS (MÁX. 30 PUNTOS)	TOTAL CONCURSO (MÁX. 100 PUNTOS)
D. RAIMUNDO POLO DÍAZ	****589**	0	30	30
D. GABRIEL ANLLO GARCÍA	****801**	70	0	70
D. JORGE SUÁREZ LÓPEZ	****420**	0	30	30

[...]"

Visto o resto de antecedentes que figuran no expediente.

Esta Presidencia, en virtude das competencias que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 41, do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Réxime Xurídico das Entidades Locais, e o artigo 13º do Decreto 34/1985, do 7 de marzo, polo que se aproban os Estatutos da Mancomunidade de municipios da Terra Chá.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Anular todas as actuacións do proceso de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá incluídas na oferta de emprego público de 2022 no que se refire o aspirante D. Gabriel Anllo García, por as razóns expostas nos antecedentes no presente acordo, deixando expresa constancia de que a relación laboral de D. Gabriel Anllo García con esta Mancomunidade en data 31 de agosto de 2025, por xubilación do traballador.

SEGUNDO.- Requirir o Tribunal de selección dos procesos selectivos correspondentes as prazas de estabilización do emprego público da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá incluídas na oferta de emprego público de 2022, a relación complementaria do aspirante que siga aos propostos para o seu posible nomeamento tal e como establece a base 8.2 das bases do proceso, na praza de Oficial de 1ª conductor.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución a Tesoureira, Intervención e a Xunta Plenaria da Corporación na primeira sesión ordinaria que ésta celebre, en cumprimento do disposto no artigo 42, RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Réxime Xurídico das Entidades Locais."

Vista a Acta do Tribunal de selección de data 05 de novembro de 2025, do tenor literal seguinte:

"ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS CORRESPONDENTES ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DA MANCOMUNIDADE TERRA CHÁ INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022

EXPT. NÚM. 65/2022

No Concello de Cospeito do día 5 de novembro de 2025, sendo as 11:56 horas, reúnen os membros do tribunal que a continuación se detallan:

Presidente/a: Dona Isabel Pernas Sánchez, Tesoureira en acumulacións da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá. (Telemáticamente)

Secretario/a: Dona Ana María Rubiera Álvarez, Secretaria- Interventora en acumulacións da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá.

Vocais:

Dona Ruth Presas Pardo, Tesoureira do Concello de Cospeito.

Dona María Silva Taboada, Interventora Xeral do Concello de Cospeito.

Dona Ana Mª Cabana Martínez, Administrativa do Concello de Cospeito.

O obxecto desta reunión extraordinaria e executar o requirimento formulado polo Presidente da Mancomunidade de Municipios da Terra Cha na súa Resolución de data 03 de novembro de 2025, núm. 2025-0066, do tenor literal seguinte:

"[...]"

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Anular todas as actuacións do proceso de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá incluídas na oferta de emprego público de 2022 no que se refire o aspirante D. Gabriel Anllo García, por as razóns expostas nos antecedentes no presente acordo, deixando expresa

constancia de que a relación laboral de D. Gabriel Anllo García con esta Mancomunidade en data 31 de agosto de 2025, por xubilación do traballador.

SEGUNDO.- Requirir o Tribunal de selección dos procesos selectivos correspondentes as prazas de estabilización do emprego público da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá incluídas na oferta de emprego público de 2022, a relación complementaria do aspirante que siga aos propostos para o seu posible nomeamento tal e como establece a base 8.2 das bases do proceso, na praza de Oficial de 1ª conductor.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución a Tesoureira, Intervención e a Xunta Plenaria da Corporación na primeira sesión ordinaria que ésta celebre, en cumprimento do disposto no artigo 42, RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Vista a acta deste Tribunal de data 20 de decembro de 2024, na que se recolle a valoración dos procesos selectivos correspondentes as prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade de Terra Chá incluídas na oferta de emprego público de 2022 e que en relación a praza de persoal laboral fixo de Oficial de Primeira Conductor establece o seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	DNI	MÉRITOS PROFESIONAIS (MAX. 70 PUNTOS)	MÉRITOS ACADÉMICOS (MÁX. 30 PUNTOS)	TOTAL CONCURSO (MÁX. 100 PUNTOS)
D. RAIMUNDO POLO DÍAZ	****589**	0	30	30
D. GABRIEL ANLLO GARCÍA	****801**	70	0	70
D. JORGE SUÁREZ LÓPEZ	****420**	0	30	30

Na mesma acta de 20 de decembro de 2024 o Tribunal sinala:

“ [...]

Concluído os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade Terra Chá incluída na Oferta de Emprego Público de 2022,

[...]

Atendendo ao anterior o membros do Tribunal, por unanimidade, acordan:

PRIMEIRO.- Declarar aprobado e propoñer para a contratación omo persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor, a favor de:

NOME E APELIDOS	DNI
D. GABRIEL ANLLO GARCÍA	****801**

[...]”

Visto a Resolución da Presidencia de data 27 de decembro de 2024, núm. 2024-0085 na que se resolve o seguinte:

“ [...]

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta do Tribunal para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor, a favor de:

NOME E APELIDOS	DNI
D. GABRIEL ANLLO GARCÍA	****801**

[...]”

Visto a Resolución da Presidencia de data 30 de xaneiro de 2025, núm. 2025-0009 na que se resolve o seguinte:

“ [...]

TERCEIRO.- Prorrogar o prazo para a presentación da documentación requirida para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor de Don Gabriel Anllo García, ata que cese a causa xustificada de forza maior que impide a presentación da referida documentación. A prórroga será de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte ó cese da causa xustificada de forza maior.

[...]"

Vista a Resolución da Presidencia de data 05 de setembro de 2025, núm. 2025-0054 do tenor literal seguinte:

"Vista a instancia presentada por D. Gabriel Anllo García con DNI 33848012Q, de 03 de setembro de 2025 núm. 2025-E-RC-61 onde solicita a súa baixa por xubilación como persoal da Mancomunidade de Municipios con efectos da baixa de 01 de setembro de 2025, data de xubilación o 31 de agosto de 2025.

Visto que conforme o artigo 49.1 da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, unha das causas de extinción do contrato do traballo é a xubilación do traballador.

Vistos os antecedentes que figuran no expediente.

Esta Presidencia, en virtude das competencias que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 41, do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Réxime Xurídico das Entidades Locais, e o artigo 13º do Decreto 34/1985, do 7 de marzo, polo que se aproban os Estatutos da Mancomunidade de municipios da Terra Chá.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Declarar a xubilación de D. Gabriel Anllo García, con DNI 33848012Q, persoal laboral da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá, procedendo a súa baixa por xubilación con efectos do 1 de setembro de 2025, data de xubilación o 31 de agosto de 2025

SEGUNDO.- Dispor, polo tanto, o cesamento no traballo de D. Gabriel Anllo García, con DNI 33848012Q, persoal laboral da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá, con data 1 de setembro de 2025, cos dereitos pasivos que lle corresponden, último día de alta como traballador da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá o 31 de agosto de 2025.

[...]"

Visto que, unha vez anuladas todas as actuacións do proceso de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade de Municipios Da Terra Chá incluídas na oferta pública de 2022 no que se refire ó aspirante D. Gabriel Anllo García, conforme a Resolución de data 03 de novembro de 2025, núm. 2025-0066, a relación complementaria cos aspirantes que siguen ao proposto na acta de 20 de decembro de 2025 é a que segue:

NOME E APELIDOS	DNI	MÉRITOS PROFESIONAIS (MÁX. 70 PUNTOS)	MÉRITOS ACADÉMICOS (MÁX. 30 PUNTOS)	TOTAL CONCURSO (MÁX. 100 PUNTOS)
D. RAIMUNDO POLO DÍAZ	****589**	0	30	30
D. JORGE SUÁREZ LÓPEZ	****420**	0	30	30

Visto que existe un empate entre os dous candidatos e co fin de declarar aprobado e propor para a súa contratación a un dos dous faise necesario proceder o desempate dos mesmos tendo en conta a Base 7º das bases xerais e específicas que regulan as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes as prazas de estabilización de emprego temporal da Mancomunidade Terra Chá incluídas na oferta de emprego público de 2022, que sinala:

"7. Criterios de desempate:

No suposto de empate, seguirase o seguinte orde de prelación:

- 1º. Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.
- 2º. Estar ocupando unha das prazas da mesma categoría que a convocada na administración convocante.
- 3º. Estar ocupando unha praza de distinta categoría que a convocada na administración convocante.
- 4º. Antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas.
- 5º. A de maior idade"

Tendo en conta a documentación aportada polos candidatos, resulta de aplicación o punto 4º da referida base 7 para o caso de empate, sendo o resultado do desempate dos candidatos o que segue:

NOME E APELIDOS	DNI	ANTIGÜIDADE TOTAL ACUMULADA EN CALQUERA DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS	MAIOR IDADE (DATA DE NACEMENTO)
D. RAIMUNDO POLO DÍAZ	****589**	1.012 DÍAS	**/**/1977

D. JORGE SUÁREZ LÓPEZ	****420**	0	**/**/1979
-----------------------	-----------	---	------------

A vista do que antecede, o Tribunal, por unanimidade acorda declarar aprobado e propoñer para a súa contratación como persoal laboral fixo ao seguinte aspirante:

NOME E APELIDOS	DNI
D. RAIMUNDO POLO DÍAZ	****589**

E non sendo outro o obxecto da presente, dáse por rematado o acto sendo as 12:27 horas, asinando os señores membros do Tribunal, no lugar e datas sinalados."

Visto que na base novena das bases xerais dispónse que no prazo de vinte días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixese pública a relación definitiva de aspirantes aprobados no BOP, na sede electrónica e na web da mancomunidade, os aspirantes propostos achegarán os documentos que a continuación se relacionan:

a) No caso de aspirantes que concorresen ás probas selectivas por tratarse de cónxuxes. ou descendentes do cónxuxe , de españois ou nacionais de países membros da Unión Europea. de acordo con a base 2.1.a , deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do español ou do nacional da Unión Europea co que existe este vínculo. de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, no seu caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Fotocopia e orixinal do título esixido nas bases específicas, ou certificación académica que acredite realizar e aprobar os estudos completos necesarios para a expedición do mesmo . No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase achegar a documentación acreditativa da súa homologación ou convalidación.

c) Declaración xurada ou promesa de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de funcións públicas por resolución xudicial para o acceso á escala , subescala, clase e categoría de funcionario no que fose separado ou inhabilitado. Os nacionais doutros Estados deberán acreditar igualmente non acharse inhabilitados ou en situación equivalente nin ser sometidos a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos ,o acceso á función pública .

d) Documentación acreditativa dos restantes requisitos que, no seu caso, puidesen esixirse en cada base específica.

Por canto antecede,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta do Tribunal para a contratación como persoal laboral fixo como oficial de 1ª conductor, a favor de:

NOME E APELIDOS	DNI
D. RAIMUNDO POLO DÍAZ	****589**

SEGUNDO.- Notificar ao aspirante proposto nesta Resolución, e requirilo para que no prazo de vinte días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixese pública no BOP, na sede electrónica e na web da mancomunidade presente a documentación sinalada na base novena das bases xerais ademais da fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa, certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto, fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado do número de conta bancaria, coa advertencia de que se dentro do prazo indicado nas bases, e salvo caso de forza maior, non presentase a documentación esixida nas bases da convocatoria ou do exame da mesma documentación se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, non poderá ser contratado como persoa laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

TERCEIRO.- Ordear a publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sede electrónica e na páxina web da Mancomunidade.

CUARTO.- Dar conta da presente a Xunta Plenaria da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que éste celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O manda e asina o Sr. Presidente, D. Armando Castosa Alvariño, en Cospeito, na data que figura á marxe do documento; do que eu como Secretaria -Interventora, dou fe.

Cospeito, 26 de novembro de 2025.- O presidente, don Armando Castosa Alvariño. A secretaria-interventora, dona Ana María Rubiera Álvarez.

R. 3415

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **21/11/2025**, acordou nomear, por un período de catro anos, o/a xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

ABADÍN: titular: ISABEL CASTIÑEIRA GEADA. DNI 33*175W.**

Contra este acordo poderán os/as interesados/as presentar recurso de alzada perante o Consello Xeral do Poder Xudicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os/as nomeados/as deberán tomar posesión, na oficina xudicial no municipio para o que se nomean e ante a persoa que estaba facendo exercicio da xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o/a xuíz/a do tribunal de instancia respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles/as xuíces/xuízas de paz nomeados/as, que estean incursos nalgunha incompatibilidade, deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 26 de novembro de 2025.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 3416

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **21/11/2025**, acordou nomear, por un período de catro anos, o/a xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

ABADÍN: substituta: ROCÍO DÍAZ MASEDA. DNI 33*174Q.**

Contra este acordo poderán os/as interesados/as presentar recurso de alzada perante o Consello Xeral do Poder Xudicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os/as nomeados/as deberán tomar posesión, na oficina xudicial no municipio para o que se nomean e ante a persoa que estaba facendo exercicio da xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o/a xuíz/a do tribunal de instancia respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles/as xuíces/xuízas de paz nomeados/as, que estean incursos nalgunha incompatibilidade, deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 26 de novembro de 2025.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 3417

Anuncio

O Tribunal Superior de Xustiza, anuncia a convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz ou xuíza de paz TITULAR de POL (Lugo).

I.- Os aspirantes poderán presentar as súas **solicitudes no prazo de 15 días hábiles**, contadas dende a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, acompañadas da seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

II.- - **Certificado de nacemento ou fotocopia do D.N.I.**

III.- **Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.** O solicitante autoriza ao Tribunal, consonte ao artigo 28 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Admóns. Públicas, para a súa consulta, agás que sinala a súa negativa,

SI	AUTORIZO á SECRETARÍA DE GOBERNO do TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA para que, acceda aos datos relativos a miña persoa que consten no Rexistro Central de Penados, a través da “Plataforma de Intermediación de Datos del Ministerio de Hacienda y Función Pública”.
NON	

IV.- **Declaración complementaria** á que se refire o artigo 2.1 da Lei 68/1980, **relativa a non estar inculpado nin procesado.**

V.- - **Xustificación de méritos** que se aleguen.

VI.- **-Profesión actual.**

PRESENTACIÓN SOLICITUDES e DOCUMENTACIÓN:

I.- Remisión ao correo electrónico secretariagoberno.tsxg@xustiza.gal,

II.- En calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

A Coruña, 26 de novembro de 2025.- O SECRETRARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 3418